

Noam Chomsky, C. J. Polychroniou, *Optimismo contra el desaliento*, Barcelona, Sipan, 2017, 268, ISBN 978-84-9069-874-7

LISANDRO CAÑÓN

Universidade de Santiago de Compostela

juliolisandro.canon@gmail.com

<https://orcid.org/0000-0001-7590-5064>

Un dos científicos máis influentes do século XX e o que vai do XXI é, sen dúbida, Noam Chomsky. As súas contribucións á lingüística cambiaron a forma de traballar desta disciplina científica —a formulación biolingüística da linguaxe—. Pero, sobre todo é coñecido polo seu activismo político, por buscar a xustiza, por denunciar a política internacional de EE. UU.: o imperialismo. Nese sentido, Chomsky achégase con claridade meridiana a tal fenómeno, desde o momento en que o entende como: a capacidade de controlar, dominar, dunha forma ou doutra o que fan os demais. Ás veces, mediante violencia extrema —golpes de Estado, invasións a terceiros países—; outras veces, mediante manipulacións económicas —como unha fuga de capitais para impoñer programas de axuste estrutural—.

Tales consideracións, de moi fácil entendemento, do que implica o imperialismo en tanto materialidade, responden, en gran medida, ao carácter pedagóxico que caracteriza todas as exposicións de Chomsky. Este particular atopa unha estreita vinculación con outro dos temas aos que lle dedicou innumerables estudos: as relacións intelectuais/Estado.

No caso de *Optimismo contra el desaliento*, o exercicio de pedagogía é amenizado polo formato de entrevista. A calidade e pertinencia das interrogacións contribúen, diligentemente, a unha posta en contacto alcanzable. Así, C. J. Polychroniou —economista e científico político—, un rigoroso estudoso do imperialismo, conduce a entrevista e, en consecuencia, convida o entrevistado a introducir todos os temas máis relevantes e, atrevémonos a dicir, máis urxentes, na vida actual da sociedade mundial.

O libro, en canto á súa estrutura formal, divídese en tres partes, precedidas por unha introdución. Nesta última, preséntasenos de maneira clara quen é Noam Chomsky: o intelectual público máis recoñecido do mundo, pois exprésase con contundencia contra a agresión de EE.UU. e defende os dereitos dos débiles e dos oprimidos en todo o mundo desde os tempos da guerra de Vietnam ata agora. As súas análises susténtanse sempre en feitos irrefutables e xorden de consideracións profundamente morais sobre a liberdade, a democracia, os dereitos humanos e a dignidade humana.

Ao mesmo tempo, a introdución deixa claro que, a pesar da forza irrefreable do capitalismo global —imperialismo—, e o seu carácter destrutivo de toda condición humana, o desalento non é ningunha alternativa. Pola contra, e como se verá nas máis de duascenas

páxinas que compoñen a entrevista, a aposta de Chomsky é por seguir pensando en como combater o poder, por poñerlle límites, por minalo ou disolvelo, para facilitar o camiño a unha democracia real. Aquí, como vén sendo habitual nas súas intervencións desde o seu memorable debate con Michel Foucault, volve incidir na acción dos chamados intelectuais responsables. É dicir, aqueles que se asocian ao poder, aqueles que traballan no mantemento do control ideolóxico, en síntese, que actúan como axentes reprodutores do sistema de dominación, que falan positivamente dos intereses e dos obxectivos do Estado.

A primeira parte do libro centra o debate sobre as pugnas polo dominio mundial. Para iso, recupera a situación vantaxosa que ostentou EE. UU. tras a fin da Segunda Guerra Mundial. Nese momento posuían a metade das riquezas do planeta; tiñan un sistema de seguridade increíble; controlaban todo o hemisferio occidental; posuían un exército incomparable, con armas nucleares; isto é: un grao de dominación do mundo sen precedentes en toda a historia. Con todo, o seu poder omnímodo comezou a erosionarse moi rápido. En 1949 ocorreu un evento que, curiosamente, en EE. UU. coñécese como a perda de China. Respecto diso, Chomsky sinala que se trata dunha expresión moi interesante, xa que dá conta da presuposición estadounidense de que o mundo lle pertence. Pola contra, se alguén se independiza significa que EE. UU. o perdeu. De acordo con isto último, todas as intervencións norteamericanas presentan como elemento nodal: o intento de frear o desenvolvemento independente.

A chamada perda de China tivo un impacto de singular relevo nos asuntos internos de EE. UU., levando á enorme represión coñecida como macartismo e afectando, por outra banda, á política exterior. Por exemplo, cando Kennedy estaba a sopesar se incrementar o ataque por Vietnam do Sur ou por toda Indochina, unha das súas preocupacións era que o acusasen de perder Indochina. É dicir, que non a controlase. En xeral, se se analiza todo o período desde 1945 ata o presente, o poder estadounidense estivo en constante declive. Pero hai outro factor que os economistas e os científicos políticos moitas veces non toman en consideración e é que, no sistema internacional, o poder de EE. UU. como entidade nacional diminuíu (véxase particularmente o apartado: «La descomposición de la sociedad estadounidense y un mundo en transición», pp. 13-29).

Mentres tanto, segue explicando Chomsky, o mundo cambiou coa globalización neoliberal. As corporacións estadounidenses, as multinacionais con sede en EE. UU., controlan o cincuenta por cento da economía mundial. Son practicamente as primeiras en todo: manufacturas, finanzas, comercio, tecnoloxía, etc. Mentres, o poder nacional diminuíu, en certa medida; por outra banda, as atrocidades do poder económico e, por tanto político, con base en EE. UU. seguen sendo enormes. Algo que se referencia nas súas case oitocentas bases militares distribuídas por todo o mundo.

En liña co anterior, a segunda parte atravesada de maneira transversal a situación do poder militar, baixo a Administración republicana de Donald Trump. Respecto diso, entende que o actual Goberno estadounidense está a encamiñarse a destruír o mundo: a política máis importante da Administración Trump —di Chomsky— é aproximarse a unha verdadeira crise existencial. Esta alusión desenvólvea con detida atención nos

apartados: «Trump na Casa Branca»; «O quecemento global e o futuro da humanidade». Entende que, nese sentido, EEUU separouse do resto do mundo, pois todos os demais países teñen polo menos algún tipo de compromiso para enfrontarse a esa inminente crise. Mentres, EE. UU. concentrouse en extraer, aínda máis, combustibles fósiles —EE. UU. está a adiantar a Arabia Saudita na produción de combustibles fósiles—. Para Chomsky, EE. UU. ten a capacidade para destruílo todo. Con Trump na presidencia o reloxo da apocalipse volveu estar a dous minutos da medianoite, o máis preto que estivo do anuncio do cataclismo nuclear.

Dentro dese tratamento transversal, combinado e integrado que mencionamos anteriormente, Chomsky escruta as vinculacións entre a globalización neoliberal —imperialismo na súa fase actual— e a educación. De particular interese, para entender o funcionamento homoxeneizante do modelo actual do sistema de explotación capitalista, resultan as constatacións sobre o funcionamento do sistema universitario. Velaí as medidas para minar os compromisos a longo prazo co profesorado e recorrer ao traballo temporal (adxuntos, estudantes graduados) que resulta barato e facilmente explotable («Los peligros de una educación regida por el mercado», pp. 213-221). As universidades pasan a ser institucións comerciais. Este factor golpea como o martelo na forxa das carreiras abertas o talento; os intelectuais desvincúlanse da súa responsabilidade de involucrarse no compromiso.

Os intelectuais volven estar presentes nas consideracións da terceira parte, a última do libro. Neste tramo, recupera a, xa clásica, concepción de Isaiah Berlin do clero secular. Unha sutil filigrana coa que analiza o lugar do sacerdocio estatal nos camiños tomados polas revolucións do século XX. Consegue, Chomsky, poñer en evidencia os reaxustes ideolóxicos no campo revolucionario e os perigos da burocratización do pensamento libertario e radical. E, así, devolve a centralidade a Bakunin, a Kropotkin, non como modelos de precisión, senón máis ben, como guías para romper co sentido común establecido. Reivindica a forza e o compromiso de romper co cotiá tal e como se nos presenta. Aposta pola nosa emancipación.

Non se trata dun libro conmovedor; trátase dun exercicio de reflexión que pon o lector na difícil encrucillada de saberse interpelado por unha situación que require prontas respostas: o imperialismo. Ese mesmo imperialismo que hoxe en Venezuela, coma onte en Guatemala, traza as liñas do intervencionismo directo dos EE.UU nun golpe de Estado que ameaza a aqueles que saen do control estadounidense.